



# CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Praza Pontevedra, 1 - 36110 Campo Lameiro  
Tlf.: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84

alcaldia@campolameiro.com  
oficinas@campolameiro.com  
www.campolameiro.com

Adxunto remito acordo do Concello Pleno de data 27-09-2017, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Atentamente.

Campo Lameiro a 14-11-2017.

O ALCALDE

ASDO. JULIO SAYANS BUGALLO.



SENADO  
XII LEGISLATURA  
REGISTRO GENERAL  
**ENTRADA 74.589**  
30/11/2017 13:02

CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO	
REGISTRO XERAL	
Data	15 NOV 2017
ENTRADA	SAIDA
Núm	1080.-

PRESIDENCIA DO SENADO.  
DON PIO GARCIA ESCUDERO MARQUEZ.  
MADRID



**DONA MERCEDES GONZALEZ BUDIÑO, SECRETARIA INTERV.  
DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO (PONTEVEDRA).**

**C E R T I F I C O**

Que o Concello Pleno, na súa sesión ordinaria de data 27-09-2017, adoptou, entre outros, o seguinte acordo.:

**7.- PROPOSTA MODIFICACIÓN DENOMINACIÓN CALLES**

Por parte do Sr. Alcalde se informa do escrito remitido polo SENADO de España solicitando do Concello, a petición do senador D. Carles Mulet García (GPMX) a emisión de informe e de expedientes abertos e actas de sesión plenarias onde conste o cambio de denominación de vías públicas con nomenclatura franquista, así como da correspondencia remitido ao I.N.E. para corrixir a falla de actualización, no seu caso.

Se informa polo Sr. Alcalde que o único vial que consta oficialmente con denominación franquista é a denominada "Avda. José Antonio" no núcleo capitalidade do Concello.

Que o cambio da denominación de dito vial fora proposto por este Concello nos anos 90, retirándose pola forte oposición manifestada polos/as veciños/as afectados/as, non habéndose levado a cabo ningunha outra iniciativa para efectuar a substitución da referida nomenclatura.

Que se recoñece a obriga de proceder legalmente en consecuencia, e polo tanto, propón ao Pleno do Concello a constitución dunha comisión específica para que en breve prazo presente novamente ao Pleno do Concello unha proposta de cambio de denominación para o vial que actualmente figura como "Avda. José Antonio", e con propostas de denominación para novos viais que na actualidade carecen do mesmo.

Manifestas os/as concelleiros/as presentes do Grupo Socialista a súa conformidade coa proposta presentada polo Sr. Alcalde.

Sacado o asunto a votación, por unanimidade dos/as oito membros presentes, dos nove que constitúen a Corporación, se acorda:

**PRIMEIRO.-** Proceder á constitución dunha Comisión encargada de elaboración de proposta para cambiar a denominación das rúas que se manteñan con denominación franquista.

Así mesmo, se formulará unha proposta de denominación de aqueles viais que permanecen sen denominación no casco urbán de Campo Lameiro.

**SEGUNDO.-** Determinar como membros desta Comisión un/unha representante de cada un dos dous grupos políticos da Corporación, actuando como presidente o Sr. Alcalde.

**TERCEIRO.-** Notificar do presente acordo ao Senado, co compromiso de dar cumprida notificación dos cambios que se acorden na denominación dos viais unha vez acordado polo Pleno do Concello.